



Concello de
OURENSE

32/21.- ACTA ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29 DE XULLO DE 2021

Na cidade de Ourense, o vinte e nove de xullo de 2021, sendo as oito horas e trinta minutos (08h:30'), reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: Excmo. Sr Alcalde-Presidente: **D. Gonzalo Pérez Jácome**. Srs/as. Concelleiros/as: **Don Telmo Manuel Ucha Álvarez, don Jorge Pumar Tesouro, dona Ana María Fernández Morenza, dona Flora Moure Iglesias e don Armando Ojea Bouzo**, que actúa como Concelleiro-Secretario da Xunta -asisten como invitados: A Oficial maior, dona Silvia Alonso Fernández; o Interventor municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez, o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez e a letrada dona Ana Blanco Nespereira-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

APROBACIÓN ACTA

1.- Aprobouse por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 22 de xullo de 2021.

AVOGACÍA CONSISTORIAL

2.- Personamento do concello como demandado diante do Xulgado do contencioso-administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 87/2021.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 87/2021 interposto por Augusto Estevez Viriato contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial interposta polos danos sufridos no seu vehículo matrícula 1054-CMW, por mor dun bolardo, por importe de 561,27 euros. A data do xuízo está prevista para o día 14/09/2021.

3.- Personamento do concello como demandado, diante do Xulgado do contencioso-administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 118/2021 en materia de responsabilidade patrimonial.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 118/2021 interposto por Silvia Fernández Vázquez contra a desestimación



presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial interposta polos danos e lesións sufridas por mor dunha caída na Rúa Aviles de Taramancos de Ourense, por importe de 11.663,20 euros. A data do xuízo está prevista para o día 23/11/21.

Mediante o decreto núm. 2021004856 de data 16 de xuño de 2021, acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

4.- Sentenza ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 2 de Ourense, no procedemento abreviado 220/2020.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer e non recorrer por non ser susceptible de recurso a sentenza 157/2021 ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 2 de Ourense, no procedemento abreviado 220/2020 interposto por Ana Jiménez Roca contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada en data 16 de maio de 2018 polos danos sufridos no seu vehículo.

2º.- Darlle traslado da sentenza ao Servizo de Patrimonio para o seu coñecemento e efectos oportunos.

5.- Personamento do concello en calidade de demandado diante do Xulgado do contencioso-administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento ordinario 153/21-C.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento ordinario 153/21-C interposto por Maria del Rosario Canitrot Araujo, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de maio de 2021, que ordenaba o peche e precinto da actividade de cafe bar do establecemento sito na Ctra. De Vigo num. 117-119 de Ourense.

Mediante o decreto acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

6.- Sentenza ditada polo Xulgado do Penal núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado 112/2021 dimanantes das Dilixencias Previas nº 563/2020 do Xulgado de Instrución nº 2 de Ourense.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer e non recorrer, por non ser contraria ós intereses municipais a sentenza 271/2021 ditada polo Xulgado do Penal nº 2 de Ourense, no procedemento abreviado 112/2021 dimanantes das Dilixencias Previas nº 563/2020 do Xulgado de Instrución nº 2 de Ourense, seguidos contra Rodrigo Vázquez Cibeira, por un delito contra a seguridade do tráfico.

2º.- No suposto de que non paguen de xeito voluntario o importe dos danos, conferirlle a representación municipal á Avogacía Consistorial, para o exercicio das accións civís oportunas.



3º.- Darlle traslado da sentenza ao Servizo de Infraestruturas para o seu coñecemento e efectos oportunos.

7.- Providencia ditada polo Tribunal Supremo no recurso de casación núm. 2538/2021, promovido por DESARROLLOS COMERCIALES DE OCIO E INMOBILIARIOS DE ORENSE SA.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer a Providencia ditada polo Tribunal Supremo, no recurso de casación núm. 2538/2021, promovido por DESARROLLOS COMERCIALES DE OCIO E INMOBILIARIOS DE ORENSE SA contra a sentenza do TSXG de 19 de xaneiro de 2021.

2º.- Darlle traslado da Providencia ao Servizo de Urbanismo (Planeamiento e Xestión) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

8.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado 257/2020.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer a sentenza núm. 135/2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado 257/2020, promovido por VIPECA OBRAS Y SERVICIOS S.L. contra a inactividade do Concello ante a reclamación de data 7/10/2020 pola falta de abono dos intereses que corresponden polo retraso no pago dunhas facturas.

2º.- Darlle traslado da sentenza ao Servizo de Infraestruturas para o seu coñecemento e efectos oportunos.

9.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 250/2020.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer e interpoñer recurso de apelación diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra a sentenza núm. 169/21 de 19 de xuño de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 250/2020. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial. Acórdase recorrer.

2º.- Darlle traslado da sentenza ao Servizo de Recursos Humanos, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

10.- Decreto ditado polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento de Dereitos Fundamentais núm. 79/2021.



A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer** o decreto núm. 134/21 de 19 de xullo de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, nos Dereitos Fundamentais núm. 79/2021.

2º.- **Darlle** traslado do decreto ao Servizo de Recursos Humanos, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

11.- Decreto ditado polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 298/2020.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer** o decreto núm. 298/21 de 19 de xullo de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 298/2020.

2º.- **Darlle** traslado do decreto ao Órgano de Xestión Tributaria, Negociado de Sancións de Tráfico, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

12.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 103/2020.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer** a sentenza núm. 139/2021 de 15 de xullo de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 103/2020.

2º.- **Darlle** traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

13.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 235/2020.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer** a sentenza núm. 167/2021 de 15 de xullo de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 235/2020.

2º.- **Darlle** traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

14.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 249/2020.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer** a sentenza núm. 166/21 de 15 de xullo de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 249/2020.





2º.- **Darlle** traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria, Negociado de Sancións de Tráfico, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

15.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 120/21.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 120/21, interposto por D. Bruno Blanco Touron, contra o Decreto de 10 de setembro de 2020, ditado pola Alcaldía do Concello de Ourense, polo que acorda cesar como auxiliar de grupo político ao actor. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 6-10-2021.

16.- Sentenza ditada polo Xulgado do Social núm. 4 de Ourense, no procedemento ordinario núm. 354/2021.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer** a sentenza núm. 445/21 de 15 de xullo de 2021, ditada polo Xulgado do Social núm. 4 de Ourense, no procedemento ordinario núm. 354/2021.

2º.- **Darlle** traslado da sentenza ao Servizo de Recursos Humanos, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

17.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 38/21.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 38/21, interposto por D^a Rosario Blanco Ríos, contra o acordo do Pleno do Tribunal Económico-Administrativo de 22 de decembro de 2020, pola que desestima a reclamación económica-administrativa interposta contra a Resolución do Xefe do Órgano de Xestión Tributaria de 14/01/2020, pola que se aproban as liquidacións polo imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Naturaleza Urbana, no procedemento por unha transmisión inter vivos. A cuantía ascende a 17.906,30 €. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte,



efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 5/10/2021.

18.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 283/20.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 283/20, interposto por D. Dario López Fernández, contra a Resolución do Concelleiro de Recursos Humanos do Concello de Ourense de 7 de outubro de 2020, pola que non se accede a solicitude da concesión do día 8 de outubro de 2020 como día de permiso de deber inescusable de carácter público. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 13-10-2021.

SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA

LICENZAS

19.- Doña MARÍA FLORA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ.- Declaración de innecesiedade de segregación de parcela sita na rúa Quintela de Velle, 11.- Expte. Sección de Licenzas urbanísticas 2021026565

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Único.- Estimar a solicitude de dona María Flora Fernández González, declarando a innecesiedade de licenza urbanística de segregación da parcela sita na rúa Quintela de Velle número 11, coa referencia catastral 6117416NG9961N0001ZP .
Declárase prescrita a infracción urbanística consistente na carencia da licenza municipal de segregación.

O presente acordo tómase en base ós informes técnicos do Arquitecto Municipal de data 16 de xullo do 2021 e ó informe xurídico de data 19 de xullo do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel en que se notifique. Así mesmo, contra este poder á interporse directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se notifique, conforme ó establecido nos artigos 52 da Lei reguladora das bases de réxime local, 194 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, 58 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como os artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

20.- D^a Elvira Taboada Ruiz, proxecto básico e de execución de construción de vivenda unifamiliar sita na estrada de Sabadelle s/n Velle. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021029264.



A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Conceder a dona Elvira Taboada Ruiz e don José Antonio Ballester Paula, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución de construción de vivenda unifamiliar sita na estrada de Sabadelle s/n, Velle, en solo de núcleo rural tradicional ordenanza 2, consonte ó proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto don Marcos Domínguez de Diego, quen asume a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección técnica das mesmas e a coordinación en materia de seguridade e saúde o arquitecto técnico don Pedro Miguel Álvarez Mateo, e cun orzamento de execución material de 120.905,94 Euros.

As obras conterán as condicións fixadas no informe técnico do Arquitecto Municipal de data 19 de xullo do 2021, que trasladaranse ó interesado para o seu cumprimento.

2.- Requerir ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación.

O presente acordo tómase en base ós informes do Arquitecto Municipal de data 19 de xullo do 2021 e ó informe xurídico de data 20 de xullo do 2021, que trasladarase ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.



2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4. - Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

21.- Amuidal, S.L., prórroga polo mais amplo prazo legal permitido de seis meses para o inicio das obras maiores para proxecto básico e de execución de substitución de ascensores e mellora da accesibilidade existente no edificio sito na rúa Bedoya, 7. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2020012511.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Único.- Conceder á sociedade "AMUIDAL, S.L.", representada por dona María Jesús Peña Rodríguez, prórroga polo mais amplo prazo legal permitido de seis meses para o inicio das obras maiores para proxecto básico e de execución de substitución de ascensores e mellora da accesibilidade existente no edificio sito na rúa Bedoya número 7, amparadas na licenza municipal de obras número 1/21.





O presente acordo tómase en base ós informes da Arquitecta Municipal de data 19 de xullo do 2021 e ó informe xurídico de data 20 de xullo do 2021, que trasladaranse ó interesado ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

22.- D. José Manuel Loureiro Vázquez, solicita a renuncia de licenza. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2016016047.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Único.- Aceptar de plano a renuncia presentada por don José Manuel Loureiro Vázquez, da licenza urbanística de obras concedida polo acordo número 13 adoptado pola Xunta de Goberno Local na data 13 de xullo do 2017, co número de licenza 75/17, para proxecto básico e de execución de rehabilitación de cuberta no inmovible sito en Abeleda número 39.

Déase traslado do presente acordo ó Servizo de Facenda ós efectos oportunos.

O presente acordo tómase en base ó informe técnico da Arquitecta Municipal de data 19 de xullo do 2021 e ó informe xurídico de data 22 de xullo do 2021, que forma parte desta resolución, o cal trasladarase ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

SERVIZO DE CONTRATACIÓN



23.- Aprobación, se procede, do expediente para contratar o proxecto de execución das obras de rehabilitación de firme nas rúas Juan XXIII (parte trasera Subdelegación Goberno), Concejo, Parque de San Lázaro e Curros Enríquez. (Expediente número: 2020035099)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta e, engadindo neste acto, tanto no epígrafe como na parte dispositiva do acordo, o seguinte: "(...) Juan XXIII (parte trasera Subdelegación Goberno) (...)"; por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- Aprobar o expediente para contratar, mediante procedemento aberto simplificado, o Proxecto de Execución das obras de Rehabilitación de firme nas Rúas Juan XXIII (parte trasera Subdelegación Goberno), Concejo, Parque de San Lázaro e Curros Enríquez, coa correspondente aprobación do prego de condicións económico-administrativas por importe de 358.985,11 (296.681,91 € de principal e 62.303,20 de IVE).

2º.- Acordar a aprobación do gasto por importe de 358.985,11 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 100.1532.61900 do orzamento municipal vixente.

3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, polos tramites do procedemento aberto simplificado.

24.- Darse por enterada da información do Sr. Alcalde e Concelleiros de Área con Delegación, sobre resolucións adoptadas ata a data:

Dáse conta expresamente dos seguintes Decretos de Alcaldía:

- Decreto núm. 2021005784, de nomeamento da concelleira dona Eugenia Díaz Abella, como Presidenta do Consello Municipal de Servizos Sociais. E
- Decreto núm. 2021005785, de delegación do Consello Municipal de Persoas Maiores, na concelleira dona Eugenia Díaz Abella.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Excmo. Sr Alcalde-Presidente, levantou a sesión ás nove horas e trinta minutos (09h:30'), do que como Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local dou fe.

